

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	PONTEDEUME
Edificio	Igrexa de Santiago de Boebre
Dirección	Lugar de Boebre, 61. 15607
	43.389524 -8.211927
Protección	
Descrición	<p>Templo parroquial datable do século XVIII que presenta planta rectangular, como recordan Soraluze Blond e Fernández Fernández (1997) "con dous corpos apegados aos seus muros meridiona e setentrional, que funcionan como pequena capela e sancristía. Os seus muros son de carga, cunha cuberta a diferentes augas -segundo os corpos- e cubrición de tella curva. Interiormente a nave presenta unha estrutura aérea feita a base de cimbras de madeira. Aos pés deste sitúase un coro alto, realizado mediante un forxado de madeira. O espazo correspondente ao presbiterio posúe maior altura ca a do resto do conxunto, o que remarca a permanente búsqueda do efectismo tan característico do barroco. A ornaamentación é moi sinxela, podéndose destacar a sobriedade dos elementos que compoñen o seu conxunto.</p> <p>Cara o exterior o edificio presenta un rico xogo de volumes que provén das diferencias existentes de cada un dos corpos da que a compoñen. Os muros están revestidos e pintados de branco, agás os esquinais e recercados de ocos, que posúen pedra á vista. A decoración concéntrase na fachada principal, que culmina nunha espadana rematada en pináculos".</p>
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	MOURE, Xabier & TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	13-09-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	2013	50	72
Espadana	Maior.	BLANCO, EMILIO (XUBIA)	1869	65	159

Información completa: [Igrexa de Santiago de Boebre - PONTEDEUME \(GALICIA\)](#)

PDF (16-06-2026)